



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

**ACTA DA SESIÓN DO 4-12-2023 DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DO EQUIPO-DIRECTIVO-DOCENTE-APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN FORESTAL 2023**

**ACTA Nº 4**

O día doce de decembro de dous mil vinte e tres, ás 9:05 horas, presencialmente na casa do concello de Irixoa, reúnese a Comisión de Selección cos membros que se indican a continuación:

Presidenta: Rosa Novoa Paseiro,  
Vogal 1: Ruth Alvarez Grande,  
Vogal 2: María Pilar Lage García,  
Vogal 3: Úrsula de la Barrera Fernández,  
Secretario: Alejandro Alonso Figueroa.

Iníciase a reunión da comisión de selección para selección de candidatos as prazas de equipo docente-directivo-apoio do Obradoiro de Emprego, coa revisión e análise da documentación presentada polos candidatos:

Tendo en conta as bases reguladoras do proceso que se está levando a cabo, aprobadas e publicadas oportunamente, procédese á proposta de selección dos candidatos a contratar do equipo docente que queda como segue:

1. Despois de analizar os requisitos de admisión e exclusión dos candidatos, realizar a baremación das circunstancias de titulación, experiencia e formación xustificadas documentalmente polas persoas interesadas, con propostas provisionais de contratación, segundo consta nos anexos I (director/a), II (mestre/a ensino básico), IV (mestres/as de especialidade) e V (auxiliar administrativa) para os diversos postos ofertados. No caso de non variación das circunstancias de valoración, as propostas pasarán a ser definitivas, sen necesidade de novo acordo pola comisión.

Como regra xeral, atendendo estritamente ás bases da convocatoria e ás instrucións da consellería para a selección, adóptanse os seguintes criterios:

a) non se aceptan reclamacións contra as bases, ademais da falta de xustificación dos motivos presentados, por estar estas bases aprobadas por órgano distinto, sen recursos ou reclamacións contra as mesmas. Neste suposto encontraríase a reclamación de Manuel Varela Iglesias.

b) as formacións e docencias a valorar teñen que estar estritamente relacionadas coas funcións a desenvolver no obradoiro e coas unidades de competencia, quedando excluídas as xenéricas ou que se afasten claramente das funcións; ademais destas valoracións de méritos quedan excluídas as xustificacións necesarias para acreditar os requisitos de admisión.

c) dado que non hai situación de falta de candidatos adecuados, a comisión non fai proposta de inclusión no proceso de selección de persoas alleas aos listados recibidos da oficina de emprego, aínda que a comisión teña coñecemento de que cumpren adecuadamente os requisitos.



Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior

2. Outorgar o prazo de 1 día hábil, é dicir ata o 13-12-2023 (inclusive) para que os candidatos seleccionados presenten a documentación xustificativa necesaria para a contratación.

3. Outorgar un prazo extraordinario de presentación de instancias xustificadas de participación para o posto de mestra/e de orientación laboral e de xestión empresarial, ata as 15:00 horas do 13-12-2023.

4. Acórdase a publicación das listaxes de selección o día 12/12/2023. O prazo para presentar alegacións no proceso, será de 1 día hábil, é dicir ata o 13-12-2023 (inclusive).

Sendo as 15:40 horas do día 12 de decembro , remátase a reunión da comisión de selección.

Rosa Novoa Paseiro

Ruth Álvarez Grande

Úrsula de la Barrera Fernández

María del Pilar Lage García

Alejandro Alonso Figueroa

=====  
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE